



Área / Unidade COMERCIO BBG	Documento 5101AI00GK	
Código de verificación 	Expediente 510/2026/41	
3V14 093L 1V3N 2Y31 0PI2	Fecha 13-07-2026	

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL E OS MERCADOS DE ABASTOS – ANO 2026

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.....	3
Artigo 1. Obxecto	3
Artigo 2. Finalidade	3
Artigo 3. Réxime xurídico	3
Artigo 4. Financiamento.....	3
Artigo 5. Ámbito temporal e territorial das actuacións subvencionables.....	4
Artigo 6. Compatibilidade	4
CAPÍTULO II. ENTIDADES BENEFICIARIAS E ACTUACIÓN SUBVENCIONABLES	4
Artigo 7. Entidades beneficiarias, requisitos e obrigas	4
Artigo 8. Actividades subvencionables.....	5
Artigo 9. Gastos subvencionables	5
Artigo 10. Gastos e/ou actividades non subvencionables	7
Artigo 11. Medios materiais e servizos municipais de apoio	7
Artigo 12. Subcontratación	8
Artigo 13. Prohibición de contratación con persoas ou entidades vinculadas	8
Artigo 14. Importe máximo da subvención e limitación do número de solicitudes	8
CAPÍTULO III. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	9
Artigo 15. Lugar e prazo de presentación de solicitudes	9
Artigo 16. Solicitudes e documentación	9
Artigo 17. Criterios de valoración	10
Artigo 18. Instrución do procedemento.....	11
CAPÍTULO IV. OBRIGAS, XUSTIFICACIÓN E PAGO	14
Artigo 19. Obrigas das entidades beneficiarias.....	14
Artigo 20. Obrigas específicas de publicidade.....	15



Concello da Coruña

Artigo 21. Xustificación da subvención	16
Artigo22. Anticipo e pago	17
Artigo 23. Incumprimento, reintegros e sancións.....	18
CAPÍTULO V. DISPOSICIÓNS FINAIS	18
Artigo 24. Información ás entidades	18
Artigo 25. Protección de datos.....	19
Artigo 26. Publicidade e transparencia	19



BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL E OS MERCADOS DE ABASTOS – ANO 2026

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas específicas polas que se rexerá a convocatoria pública de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, destinadas á realización de actividades de dinamización do comercio local e dos mercados de abastos no municipio da Coruña durante o ano 2026.

Artigo 2. Finalidade

Con esta convocatoria preténdese impulsar o comercio de proximidade dos barrios, fomentar o consumo no comercio local e nos mercados de abastos da cidade, atraer público ás zonas comerciais e fortalecer o tecido económico urbano.

Artigo 3. Réxime xurídico

De conformidade co artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, convócanse subvencións para a organización de actividades de dinamización comercial no Concello da Coruña, durante o ano 2026.

A presente convocatoria rexerase integramente polas presentes Bases e polas seguintes outras normas:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos (BOP número 157 de 16.08.2024)
- Demais regulamentos de desenvolvemento e outras normas concordantes

As bases completas desta convocatoria estarán ao dispor das entidades interesadas no Taboleiro de Anuncios e Edictos da Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal/>, e na Base de Datos Nacional de Subvencións: <https://www.infosubvenciones.es>, e un extracto das mesmas publicárase no Boletín oficial da provincia da Coruña: <http://bop.dicoruna.es/bopportal/>

Artigo 4. Financiamento

O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é de 80.000,00 euros, gasto imputable á aplicación orzamentaria 61.430.48900 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio económico.

O crédito orzamentario indicado é o límite do importe das subvencións que se poidan conceder.



De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento xeral de subvencións, no caso de que este crédito se incrementara como consecuencia de calquera tipo de modificación orzamentaria que proceda, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria.

A efectividade da contía adicional quedará condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito.

Artigo 5. Ámbito temporal e territorial das actuacións subvencionables.

As actividades e actuacións obxecto de subvención deberán realizarse integramente dentro do termo municipal da Coruña, e executarse e desenvolverse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, ambos inclusive.

Artigo 6. Compatibilidade

A obtención das subvencións reguladas nestas bases é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

En ningún caso, o importe da subvención municipal poderá ser de contía tal que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade e os gastos xustificadas pola entidade beneficiaria.

En caso de solicitar e/ou recibir unha subvención ou outra axuda, posterior á presentación da solicitude inicial, a entidade deberá comunicar esta circunstancia ao Concello da Coruña.

CAPÍTULO II. ENTIDADES BENEFICIARIAS E ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Artigo 7. Entidades beneficiarias, requisitos e obrigas

Poderán concorrer a esta convocatoria todas aquelas asociacións de comerciantes e/ou empresarios directamente relacionadas cos sectores do comercio e dos mercados de abastos, sen ánimo de lucro, con ámbito de actuación no Concello da Coruña, que cumpran os requisitos que se relacionan a continuación:

- Estar legalmente constituídas como tales asociacións de comerciantes e/ou empresarios, sen ánimo de lucro, con estatutos que recollan exclusivamente fins de natureza comercial ou relacionados co apoio e dinamización do comercio, e rexistradas, cunha antigüidade mínima de un ano, no Rexistro Municipal de Asociacións da Coruña (REMAC), con anterioridade á finalización de prazo de presentación de solicitudes.
Este requisito responde á necesidade de garantir unha traxectoria mínima de actividade, experiencia e capacidade de xestión das entidades beneficiarias para o axeitado desenvolvemento das actuacións subvencionadas.
- Ter o domicilio fiscal no Concello da Coruña e desenvolver as súas actividades no termo municipal da Coruña.



Concello da Coruña

- Estar ao corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello da Coruña.
- Cumprir os requisitos destas bases e a súa convocatoria.
- Non incorrer nas causas de exclusión ou prohibición para obter a condición de beneficiaria das subvencións ás que se refire o conxunto da normativa reguladora desta convocatoria.

Estes requisitos deberán cumprirse e manterse desde a presentación da solicitude e durante toda a tramitación do procedemento, ata a finalización das actuacións derivadas da subvención.

As entidades beneficiarias deberán cumprir coas obrigas reguladas nestas bases, coas recollidas na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, pola Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e polo artigo 14 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, polo que a entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do procedemento, ao que se dirixirán as comunicacións.

Artigo 8. Actividades subvencionables

As actividades para as que se solicite subvención deberán ser de carácter aberto e gratuíto, dirixidas ao conxunto da cidadanía e consistir en actuacións de dinamización do comercio de barrio ou proximidade ou dun mercado de abastos do municipio da Coruña.

Considéranse subvencionables actividades tales como campañas promocionais, eventos comerciais, animación en vía pública, actuacións musicais, feiras, accións de márketing ou iniciativas de decoración comercial, entre outras.

As actividades redundarán en beneficio do comercio local ou de proximidade ou dos mercados de abastos do ámbito da entidade que o solicite, favorecendo o coñecemento e consumo da cidadanía deste tipo de negocios.

Non se considerarán subvencionables aquelas actividades dirixidas exclusivamente ás persoas socias da entidade ou cuxo acceso se atope limitado a persoas previamente determinadas, sen prexuízo de que as actividades poidan estar orientadas a sectores concretos da poboación. Así mesmo, non serán subvencionables as actividades que requiran a realización dun desembolso económico por parte das persoas participantes ou usuarias

Artigo 9. Gastos subvencionables

9.1. Custos directos da actividade

Son gastos subvencionables aqueles gastos correntes que, estando directamente vinculados de xeito inequívoco á natureza da actividade subvencionada, garden relación coa organización e celebración das actividades de dinamización do comercio local e dos mercados de abastos, e que se orixinen dentro do período subvencionable comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, como poden ser:



- Gastos de produción de actividades de dinamización comercial, tales como a contratación do persoal artístico ou outros profesionais vinculados.
- Gastos de alugueiro de escenarios, valos, cadeiras, mesas, WC químicos e demais elementos necesarios para o desenvolvemento da actividade, así como os gastos de persoal asociados ao seu transporte, montaxe e desmontaxe.
- Gastos de alugueiro de equipos de son e iluminación, así como os correspondentes ao persoal técnico necesario para o seu manexo.
- Gastos de instalación eléctrica e subministración de auga directamente vinculados á celebración da actividade de dinamización comercial, así como os correspondentes ao persoal técnico necesario para a súa instalación.
- Gastos de publicidade e promoción, tales como impresión de carteis, inserción de anuncios, servizos na internet ou campañas publicitarias.
- Gastos de servizos de vixilancia privada vinculados aos eventos e actividades.
- Gastos derivados de seguros de responsabilidade civil subscritos pola entidade, en relación coa actividade subvencionada.

Así mesmo, poderán considerarse subvencionables outros gastos correntes non incluídos na relación anterior, sempre que queden debidamente descritos na solicitude e se acredite de forma expresa o seu carácter necesario, directo e proporcional para o axeitado desenvolvemento da actividade de dinamización comercial, sendo a súa admisión obxecto de valoración técnica no procedemento de concesión.

Así mesmo, consideraranse subvencionables aqueles gastos que, cumprindo a condición establecida no parágrafo primeiro, se acrediten mediante xustificantes emitidos nos dous meses seguintes á finalización do citado prazo.

En todo caso, os gastos deberán estar efectivamente pagados antes da data de finalización do prazo de presentación da xustificación que se indica no artigo 21.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

O gasto deberá ser abonado de forma directa e efectiva pola entidade beneficiaria da subvención.

9.2. Custos indirectos imputables á actividade

Terán a consideración de subvencionables os custos indirectos, que deberán reflectirse no orzamento presentado, ata un importe máximo equivalente ao 10% do gasto previsto no orzamento presentado para a concesión da subvención, ou do gasto efectivamente realizado e xustificado.

Cando no orzamento ou na conta xustificativa de gastos presentada se inclúan achegas ou axudas de terceiros alleos á entidade beneficiaria, o importe máximo subvencionable por custos indirectos será o 10% dos gastos previstos ou efectivamente realizados e xustificados, previa dedución das citadas axudas e achegas.

Os custos indirectos non requirirán xustificación adicional.



Artigo 10. Gastos e/ou actividades non subvencionables

Quedan excluídas desta convocatoria e, por tanto, non poderán ser obxecto de axuda, entre outros, os seguintes gastos:

- Gastos de xestión e asesoría.
- Gastos de adquisición de inmovilizado, tanto material como inmaterial, incluíndo elementos amortizables, material inventariable e, en xeral, aqueles que supoñan un incremento patrimonial da entidade beneficiaria.
- Honorarios, retribucións ou dietas das persoas membros dos órganos de dirección ou representación da entidade beneficiaria.
- Cotas asociativas ou de pertenza a outras entidades.
- Impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda, segundo o artigo 31.8 da Lei Xeral de Subvencións.
- Gastos financeiros.

Así mesmo, non poderán ser obxecto de subvención, entre outras, as seguintes actividades:

- Actividades que xa fosen subvencionadas polo Concello da Coruña a través doutras convocatorias ou instrumentos de colaboración.
- Actividades de carácter puntual que non garden relación co proxecto ou memoria presentada.
- Viaxes de lecer, así como gastos de manutención non directamente vinculados e necesarios para a execución da actividade subvencionada, realización de cócteles ou actos análogos.
- Festas, salvo aquelas que teñan como finalidade principal a promoción e dinamización da área comercial ou mercado de abastos
- Actividades que respondan exclusivamente ao funcionamento ordinario da entidade ou asociación.
- Actividades ou actuacións que teñan carácter discriminatorio ou que non promovan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Actuacións ou, no seu caso, os gastos asociados a actuacións que non inclúan a publicidade do financiamento do proxecto polo Concello da Coruña.
- Premios resultantes de sorteos ou de calquera outra combinación aleatoria
- Calquera outras actividades que non contribúan de forma directa ao cumprimento da finalidade da convocatoria, sendo a súa admisión obxecto de valoración técnica no procedemento de concesión

Artigo 11. Medios materiais e servizos municipais de apoio

O Concello da Coruña, a través da Área de Emprego, Comercio e Mercados, poñerá ao dispor das entidades beneficiarias os medios materiais de que dispoña para o axeitado desenvolvemento das actividades, sen que esta achega teña a consideración de gasto nin de ingreso a efectos da subvención.

En particular, poderán cederse, previa solicitude independente da petición de subvención e sempre que exista dispoñibilidade, elementos tales como mesas, cadeiras, tarimas ou outros similares.



Concello da Coruña

Corresponderá á entidade beneficiaria a recollida, traslado e devolución dos devanditos materiais desde o lugar habilitado para o seu almacenamento, podendo imputarse os custos derivados destas operacións como gasto subvencionable.

Así mesmo, o Concello da Coruña prestará, no seu caso, servizos de limpeza viaria, instalación e retirada de contedores de residuos, cando así se estime necesario pola área competente en materia de xestión de residuos. Da mesma maneira o Concello da Coruña prestará o apoio mediante Policía Local e Protección Civil, cando así se estime necesario pola área competente en materia de Seguridade Cidadá.

Artigo 12. Subcontratación

A entidade poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que deba incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Non se admitirá en ningún caso a subcontratación nos supostos previstos no artigo 29.7 da Lei Xeral de Subvencións.

Artigo 13. Prohibición de contratación con persoas ou entidades vinculadas

En ningún caso a entidade beneficiaria poderá contratar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas, nin a prestación de servizos ou subministracións, con persoas ou entidades vinculadas con ela, salvo que concorran simultaneamente as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice en condicións normais de mercado.
- Que se obteña a previa autorización expresa do Concello da Coruña, de acordo co procedemento que se estableza.

A solicitude de autorización deberá presentarse con carácter previo ao comezo da actividade subvencionada, e a resolución municipal deberá identificar, en todo caso, os terceiros cos que se autoriza a contratación e os servizos ou subministracións obxecto da mesma.

Considerarase que existe vinculación nos supostos previstos no artigo 68.2 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

Artigo 14. Importe máximo da subvención e limitación do número de solicitudes

Cada entidade poderá presentar un máximo dunha (1) solicitude para actividades de dinamización comercial.

A subvención poderá financiar ata o 100% do orzamento subvencionable do proxecto presentado, cun importe máximo 10.000,00 € por entidade.

Non terán necesariamente a consideración de gastos subvencionables a totalidade das actuacións, conceptos ou partidas incluídas no proxecto presentado. O órgano instrutor poderá determinar, de



forma motivada e conforme ao establecido nas presentes bases, que actuacións ou gastos se consideran subvencionables e cales quedan excluídos, total ou parcialmente, do cálculo da axuda.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrência competitiva, de acordo cos criterios de valoración establecidos na presente convocatoria. Os proxectos ordenaranse de maior a menor puntuación obtida, e as axudas adxudicaranse seguindo a orde de prelación resultante ata o esgotamento do crédito dispoñible.

Aqueles proxectos que, cumprindo os requisitos establecidos, non obteñan subvención por insuficiencia de crédito quedarán integrados nunha lista de espera, ordenados segundo a puntuación obtida, a efectos de poder acceder á axuda en caso de incremento do crédito dispoñible, renuncia dalgunha das entidades beneficiarias ou calquera outra circunstancia que permita a liberación de fondos.

CAPÍTULO III. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Artigo 15. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado “Solicitud xeral” dispoñible na sede electrónica do Concello da Coruña, <https://sede.coruna.gal/>, acompañado dos modelos que figuran como anexos, xunto coa documentación correspondente, como dispón o artigo 23 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidas pola sede electrónica do Concello da Coruña.

O prazo de presentación de solicitudes será de **15 días hábiles**, a contar desde o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 16. Solicitudes e documentación

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado “Solicitud xeral” dispoñible na sede electrónica do Concello da Coruña, <https://sede.coruna.gal/>, e deberán acompañarse da documentación que se indica a continuación:

- Anexo de solicitud, debidamente cuberto, e asinado pola persoa que ostenta a presidencia da entidade solicitante (segundo modelo).
- Copia dos estatutos da entidade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda.
- Certificado actualizado, expedido pola secretaría da entidade co visto e prace da presidencia, acreditativo da composición vixente da xunta directiva ou órgano representativo da entidade (segundo modelo)



Concello da Coruña

- Designación da conta bancaria (segundo modelo)¹
- Certificado expedido pola secretaría da entidade, co visto e praxe da presidencia, no que se fagan constar os seguintes elementos (segundo modelo):
 - Acordo adoptado polo órgano competente da entidade aprobando a solicitude da subvención.
 - Número de comercios e/ou empresas asociadas activas da entidade
 - Compromiso expreso de facer constar a colaboración do Concello da Coruña en todas as accións, soportes e materiais de publicidade, comunicación e difusión relacionadas coas actividades subvencionadas.
 - Compromiso de obter, con carácter previo ao desenvolvemento das actividades, todas as licenzas, autorizacións, permisos e demais requisitos administrativos que resulten preceptivos conforme á normativa vixente.
- Memoria descritiva e de actuación do proxecto ou actividades para as que se solicita a subvención (segundo modelo).

No caso de que a documentación esixida xa obrase en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, a entidade solicitante poderá acollerse ao previsto no artigo 23.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se indique a data e o órgano ou dependencia en que estes documentos foron presentados ou, no seu caso, emitidos, e que non transcorresen máis de 5 anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicional das presentes bases reguladoras.

Artigo 17. Criterios de valoración

As solicitudes presentadas no marco da presente convocatoria valoraranse en réxime de concorrência competitiva, de conformidade cos seguintes criterios, ata un máximo de 100 puntos:

1. Impacto na dinamización do comercio local e mercados de abastos (ata 30 puntos).

Valorarase a capacidade do proxecto para fomentar a actividade comercial, incrementar a afluencia de público, dinamizar economicamente o ámbito de actuación e xerar un efecto tractor sobre o comercio de proximidade e os mercados de abastos.

2. Viabilidade do proxecto (ata 20 puntos).

Valorarase a viabilidade técnica, organizativa e económica das actuacións propostas.

3. Innovación e creatividade (ata 15 ata puntos).

Valorarase a incorporación de elementos innovadores na planificación e execución das actuacións, incluíndo novas fórmulas de dinamización comercial, uso de ferramentas dixitais ou accións de márketing experiencial.

¹ Modelo 040 de Solicitude de alta ou modificación de datos en terceiros selado pola entidade bancaria ou achegando certificado orixinal de titularidade bancaria. Non será necesario achegar novamente o modelo 040 cando a entidade solicitante xa teña comunicados os seus datos bancarios e estes non experimentasen modificación algunha



4. Calidade técnica da memoria (ata 10 puntos).

Valorarase a coherencia, claridade e grao de definición do proxecto, a exposición clara e concisa das actuacións a realizar e a explicación das mesmas.

5. Participación do tecido comercial e/ou dos mercados de abastos (ata 10 puntos).

Valorarase o grao de implicación dos establecementos comerciais, dos postos e negocios dos mercados de abastos e doutras asociacións do sector no desenvolvemento das actuacións.

6. Continuidade e consolidación das actuacións (ata 10 puntos).

Valoraranse os proxectos que presenten continuidade temporal e capacidade de consolidación da actividade proposta, de xeito que alcancen un impacto positivo nas persoas consumidoras e fomenten un hábito de consumo sostido no tempo.

7. Igualdade de xénero e paridade na gobernanza (ata 5 puntos).

Valorarase a incorporación de medidas que promovan a igualdade efectiva entre mulleres e homes no deseño, execución e difusión das actividades subvencionadas, así como a existencia dunha composición equilibrada por sexos na xunta directiva ou órgano de representación da entidade solicitante.

En caso de empate na puntuación total obtida por dúas ou máis solicitudes, este resolverase atendendo, por orde de prelación, á maior puntuación obtida nos seguintes criterios: en primeiro lugar, *Impacto na dinamización do comercio local*; en segundo lugar, *Viabilidade do proxecto*; en terceiro lugar, *Innovación e creatividade*; e en cuarto lugar, *Calidade técnica da memoria*. De persistir o empate, atenderase á maior puntuación obtida sucesivamente no resto dos criterios conforme á orde establecida nas presentes bases. Se o empate continuara, resolverase mediante sorteo realizado polo órgano instructor, deixando constancia no expediente.

Artigo 18. Instrución do procedemento

1.- Correspóndelle ao Servizo de Emprego e Empresa a instrución do procedemento.

2.- A persoa titular da área de Emprego, Comercio e Mercados é o órgano competente para convocar e resolver, en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de xullo de 2024 (BOP nº 129, 05.07.2024).

3.- Por tratarse dun procedemento de concorrência competitiva, e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos de instrución, trámite e resolución poderán ser obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal/sede/gl/publicidade-oficial>), substituíndo esta publicación á notificación individual e producindo os mesmos efectos.

A publicación producirá efectos propios da notificación desde a data en que teña lugar, iniciándose a partir da devandita data o cómputo de prazos establecidos.

Sen prexuízo do anterior, o Concello poderá remitir avisos informativos a través do correo electrónico facilitado pola entidade. Estes avisos terán carácter meramente informativo e a súa falta de práctica non afectará á plena validez da publicación nin ao cómputo de prazos.



4.- O Servizo de Emprego e Empresa, órgano instrutor de procedemento, encargarse de revisar os expedientes de solicitude e verificará que conteñan toda a documentación esixida.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 23.5 Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se a documentación presentada fose incorrecta ou insuficiente, requirirase á entidade solicitante para que, de acordo co establecido no punto anterior, e nun prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, indicándolle que, en caso de incumprimento, considerase que desiste da súa solicitude, despois da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non axustarse aos termos destas bases, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 56 a 58 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

5.- Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á Comisión de Valoración.

Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán ao dispor do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de desestimación, na que se indicará a causa desta.

En todo caso, non se admitirán a trámite e procederase a ditar resolución de inadmisión e arquivo as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido.

6.- A Comisión de Valoración encargarse de formular a proposta de concesión a través do órgano instrutor.

O órgano competente para resolver designará ás persoas que formarán parte da Comisión de Valoración, de acordo co establecido no artigo 26 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos.

7.- A concesión das subvencións será aprobada por resolución da persoa titular da área de Emprego, Comercio e Mercados tras a formulación da proposta de concesión realizada polo Servizo de Emprego e Empresa, encargado da instrución á vista do informe da Comisión de Valoración.

O órgano instrutor formulará a proposta de resolución en función da puntuación obtida e seguindo a orde de prelación establecido, indicando as entidades para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía, así como aquelas que, cumprindo os requisitos, quedarían en lista de espera por insuficiencia de crédito.

8.- Poderanse autorizar modificacións non substanciais das actuacións ou proxectos subvencionados, sempre que non alteren a finalidade da subvención, non supoñan unha modificación dos criterios que serviron de base para a súa concesión, non afecten á concorrència competitiva nin impliquen incremento da contía da subvención concedida.

A efectos da presente convocatoria, terán a consideración de modificacións non substanciais, entre outras, as seguintes:



- a) A modificación ou redistribución de determinados conceptos de gasto subvencionable inicialmente previstos na solicitude ou orzamento presentado, sempre que se manteña a natureza e finalidade da actuación subvencionada.
- b) A modificación das datas, prazos ou lugar de execución da actividade ou actuación subvencionada, cando concorran circunstancias que o xustifiquen e iso non desvirtúe o obxecto da subvención.

As entidades beneficiarias que pretendan introducir algunha modificación deberán comunicalo e solicitalo motivadamente ante a unidade instrutora do procedemento, indicando as circunstancias que xustifican a modificación proposta e a súa incidencia sobre a actuación subvencionada.

En ningún caso poderán autorizarse modificacións que supoñan alteración da finalidade da subvención, incremento da contía concedida ou modificación substancial dos criterios de valoración aplicados.

A solicitude deberá presentarse con carácter previo á realización da modificación pretendida e, en todo caso, tan pronto como se coñezan as circunstancias que a motivan.

A modificación unicamente poderá levarse a efecto unha vez fose expresamente autorizada, e a ausencia de autorización expresa non lexitimar a realización da modificación solicitada.

9.- Se algunha das entidades beneficiarias renunciase á subvención concedida, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade de realizar unha nova convocatoria e sempre que existise crédito dispoñible, a concesión da subvención ás entidades solicitantes seguintes por orde de puntuación.

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A persoa titular da área de Emprego, Comercio e Mercados ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da mesma lei.

10.- As notificacións de resolucións e actos administrativos derivados do presente procedemento practicaranse exclusivamente por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común e na Ordenanza reguladora da administración dixital no Concello da Coruña (BOP nº 114, 16.06.2023. Corrección de erros BOP nº 118, 22.06.2023)

De conformidade coa normativa vixente, as notificacións electrónicas practicaranse mediante comparecencia na sede electrónica do Concello da Coruña. O sistema poderá remitir ás persoas ou entidades interesadas avisos da posta ao dispor das notificacións ao enderezo de correo electrónico indicado na solicitude; estes avisos terán carácter meramente informativo e a súa falta de práctica non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran 10 días naturais desde a súa posta a disposición sen que se acceda ás mesmas. Cando a notificación electrónica non puidese practicarse por causas técnicas, efectuarase por calquera dos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Concello da Coruña

Así mesmo, as resolucións e demais actos que afecten a unha pluralidade de persoas ou entidades interesadas, en particular os actos propios dos procedementos de concorrência competitiva, poderán ser obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal/sede/gl/publicidade-oficial>), substituíndo esta publicación á notificación individual e producindo os mesmos efectos.

As subvencións concedidas serán igualmente obxecto de publicidade a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e demais medios que resulten legalmente esixibles.

11.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de 9 meses, computados a partir da publicación da correspondente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co establecido no artigo 28 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos.

Transcorrido o prazo máximo sen que se notifique a resolución, as entidades interesadas poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

12.- As resolucións ditadas ao amparo desta convocatoria e as súas bases reguladoras poñerán fin á vía administrativa, e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as entidades interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da área de Emprego, Comercio e Mercados do Concello da Coruña, actuando por delegación da Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación, se esta fóra expresa. Se a resolución non fóra expresa, as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa normativa aplicable, se produza os efectos do silencio administrativo.
- b) Alternativamente, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, se esta fóra expresa. Se non o fose, o prazo será o que resulte de aplicación conforme a normativa reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

CAPÍTULO IV. OBRIGAS, XUSTIFICACIÓN E PAGO

Artigo 19. Obrigas das entidades beneficiarias

Son obrigas das persoas beneficiarias:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.



- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano, así como a calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, sen prexuízo de que a persoa interesada autorizase expresamente ao Concello para realizar as consultas dos datos que xa obren en poder doutras Administracións ou do propio Concello e que acrediten esta circunstancia.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como de cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos por estas bases reguladoras, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos na lexislación xeral de subvencións.
- Comunicarse co Concello a través de medios electrónicos, de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Garantir que todo o persoal dedicado á realización de actividades que impliquen contacto habitual con persoas menores de idade cumpre o requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil.
- Utilizar a lingua galega en toda a comunicación e a produción escrita e oral (cartelería, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) de acordo co establecido en Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña (BOP nº 116, 22.06.2021)

En xeral, cumprir cantas outras obrigas se establezan na normativa reguladora da concesión de subvencións públicas, nas presentes bases, e demais disposicións que resulten de aplicación.

Artigo 20. Obrigas específicas de publicidade

As entidades beneficiarias deberán adoptar as medidas de publicidade e difusión necesarias para dar adecuada visibilidade ao financiamento municipal das actividades de dinamización comercial subvencionadas, facendo constar de forma expresa e visible a colaboración do Concello da Coruña en todos os soportes, materiais e accións de comunicación relacionados co proxecto, e seguindo as indicacións técnicas dos manuais de imaxe corporativa municipal, dispoñibles en <https://www.coruna.gal/web/gl/concello/administracion/imaxe-corporativa>.



No caso de que a actividade subvencionada xa se realizara, conforme ao previsto no artigo 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a entidade beneficiaria deberá dar visibilidade ao financiamento municipal das actividades de dinamización subvencionadas nos seus espazos físicos e dixitais, incluíndo, no seu caso, páxina web, redes sociais, sede ou locais da entidade e demais soportes de comunicación utilizados. Esta difusión deberá manterse durante un prazo mínimo dun ano contado desde a data de concesión da axuda.

Artigo 21. Xustificación da subvención

O pago da subvención quedará condicionado á presentación da correspondente documentación xustificativa, nos termos e forma previstos nestas bases. Esta documentación deberá presentarse por medios electrónicos, a través da sede electrónica do Concello da Coruña, ata o 31 de marzo de 2027 como data límite.

No caso de que a documentación xustificativa presentada resulte incorrecta, incompleta ou insuficiente, o órgano competente requirirá á entidade beneficiaria para que proceda á súa corrección no prazo 10 días hábiles desde a recepción da notificación correspondente.

Transcorrido este prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento efectuado, teráselle por desistida da súa solicitude, previa resolución ditada para o efecto, que deberá ser debidamente notificada.

De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, unha vez finalizado o prazo de xustificación sen presentarse a documentación correspondente, o órgano competente requirirá á entidade beneficiaria para que a achegue no prazo improrrogable de 15 días hábiles.

A falta de presentación da xustificación no prazo sinalado no apartado anterior dará lugar á esixencia do reintegro das cantidades percibidas e demais responsabilidades que puidesen corresponder conforme a normativa aplicable en materia de subvencións.

Non poderá abonarse a subvención en tanto a entidade non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou mentres sexa debedora por resolución de reintegro.

De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o propio Concello, coa finalidade de verificar o cumprimento das devanditas obrigas. A solicitude de subvención implicará o consentimento expreso da entidade beneficiaria para a realización destas consultas por parte do Concello.

Xunto coa solicitude de pago final deberá presentarse a seguinte documentación:

- Memoria da actividade executada, asinada pola persoa que ostenta a presidencia da entidade (segundo modelo).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que deberán reunir os requisitos que establece o



artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Considerando que a tramitación será exclusivamente electrónica, non será necesario o estampillado das facturas orixinais. Con todo, o estampillado deberá realizarse se en actuacións de comprobación polo servizo xestor, auditoría ou control financeiro así fose requirido, indicando a orixe do financiamento, así como a porcentaxe da subvención do Concello da Coruña que se imputa ás mesmas.

- Xustificantes bancarios do pago das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente.

Deberá estar perfectamente identificado o gasto e a súa correspondencia coa factura ou documento de valor probatorio. A acreditación do pago realizarase mediante xustificantes bancarios ou documentos de valor probatorio equivalente que permitan identificar a entidade ordenante, a persoa ou entidade perceptora, o importe, a data de pago e a correspondencia coa factura ou documento xustificativo do gasto.

Recoméndase que todos os pagos relacionados coa finalidade desta subvención se realicen desde unha única conta bancaria.

Non serán subvencionables os pagos efectuados con cargo a contas bancarias cuxa titularidade non corresponda á propia entidade beneficiaria.

Non se admitirán pagos en efectivo.

- Relación clasificada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago (segundo modelo).
- Declaración responsable sobre a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado (segundo modelo).
- Probas do cumprimento das obrigas de publicidade mediante a achega de documentos gráficos e/ou audiovisuais nos que conste a colaboración do Concello da Coruña en toda a información (impresa, informática, audiovisual, internet e redes sociais) que se realizou en relación coas actividades subvencionadas. Así mesmo, deberá achegarse evidencia documental da publicación na páxina web da entidade, mediante capturas de pantalla ou outros medios que permitan comprobar o seu contido e a inclusión da colaboración do Concello da Coruña
- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (segundo modelo)



Artigo 22. Anticipo e pago

Poderán realizarse pagos anticipados ata o importe total da subvención concedida, que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, a entidade deberá solicitalo expresamente e constituír unha garantía do 10% do importe da subvención que efectivamente solicite como anticipo, que se realizará mediante a retención por parte do Concello, xa sexa sobre o primeiro pago anticipado ou sobre varios, ata alcanzar a devandita contía. Unha vez efectuada a debida xustificación e sempre que non existise responsabilidade por parte da entidade, procederase a devolver a cantidade retida en concepto de garantía.

Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes do Concello da Coruña poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

O libramento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria ao número de conta designado pola entidade beneficiaria.

A subvención minorarase proporcionalmente se o gasto xustificado é inferior ao que serviu de base para a resolución da concesión, sempre que estea garantida a consecución do obxecto.

Artigo 23. Incumplimento, reintegros e sancións

Nos supostos de falta de xustificación, de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 de Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ou de incumplimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, no seu caso, se establezan na resolución de concesión, producirase a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pago da subvención, incluíndo a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento para declarar a procedencia da perda deste dereito será o establecido no artigo 42 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En caso de non executarse algunha das actuacións que foron obxecto de valoración e para as que se concedeu a subvención, poderá procederse á revisión da mesma, coa consecuente minoración do importe e a modificación da resolución de concesión.

As entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións prevista no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no título IV da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

CAPÍTULO V. DISPOSICIÓNS FINAIS

Artigo 24. Información ás entidades

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria poderase obter información a través dos seguintes medios:

- Na sede electrónica municipal <https://sede.coruna.gal/>



Concello da Coruña

- Na páxina web <https://www.coruna.gal/comercio>
- No teléfono 981 18 43 99 (comercio e mercados)
- No enderezo electrónico comercio@coruna.gal
- No Centro Municipal de Emprego (comercio e mercados), estrada dos Fortes, 16. 15011 A Coruña

Artigo 25. Protección de datos

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento Xeral de Protección de Datos – RGPD), e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase ás persoas solicitantes de que os datos persoais facilitados serán tratados polo Concello da Coruña, en calidade de responsable do tratamento, coa finalidade de xestionar, tramitar, controlar e efectuar o seguimento da presente convocatoria de subvencións, así como para o cumprimento das obrigas legais derivadas da mesma.

A base xurídica do tratamento é o exercicio de poderes públicos e o cumprimento de obrigas legais aplicables ao Concello en materia de subvencións públicas.

Os datos poderán ser comunicados a outras administracións públicas, órganos de control e entidades colaboradoras nos supostos legalmente previstos. Así mesmo, poderán ser obxecto de publicación nos termos esixidos pola normativa de transparencia e subvencións.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos seus datos, así como retirar o consentimento cando proceda, mediante escrito dirixido ao Concello A Coruña, sen prexuízo do seu dereito para presentar reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Así mesmo, os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que foron solicitados e coas obrigas legais aplicables.

Artigo 26. Publicidade e transparencia

De conformidade co artigo 8.1 c) da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e persoas beneficiarias serán obxecto de publicación no Portal da transparencia do Concello da Coruña.

<https://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-la-gestion/subvenciones-y-ayudas>